



A rede de espazos cidadás TEU

O Concello da Coruña destina un grupo de locais municipais á rede de espazos abertos de uso cidadá TEU, para ser disfrutados de xeito particular pola cidadanía.

As demandas da sociedade e a necesidade de aproveitar os recursos públicos fan que o Concello da Coruña promova o uso compartido e diverso dos espazos municipais, tanto para as asociacións como para a veciñanza, que demanda o uso puntual dos espazos públicos, coa intención de que moitas máis persoas se vexan beneficiadas dos recursos municipais.

Neste momento, existen cinco espazos TEU integrados na rede: o Faro de Oza, dous locais na rúa Ribeira Sacra en Novo Mesoiro, o TEU Azahar no barrio das Flores e TEU Birloque, coa previsión da próxima incorporación de novos espazos.

Os locais funcionan como espazos con autorización de uso puntual para celebracións familiares, charlas, obradoiros, reunións, coloquios e actividades similares organizadas pola cidadanía a nivel particular ou no ámbito asociativo.

A xestión administrativa destes recursos municipais está asignada ao servizo de Participación Cidadá e Innovación, dependente da Concellaría de Benestar Social, Participación e Igualdade. A tramitación das cesións de uso particular dos espazos TEU adopta a forma de autorización de uso puntual.

1. Solicitude dos locais e autorización de uso: requisitos, prazos, normas e procedemento

Solicitude de reserva:

A solicitude de reserva para o uso privativo dun espazo TEU deberá ser cursada sempre por unha persoa física, que pode facelo en nome propio ou ben en representación dunha entidade xurídica (asociación, comunidade, etc.). Os requisitos que se deben acreditar son os seguintes:

- En caso de solicitar o espazo en nome propio, deberá ser maior de idade e figurar empadroada no Concello da Coruña.



- En caso de solicitalo en representación dunha asociación, a persoa deberá ser maior de idade e a entidade deberá estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións da Coruña (REMAC).
- En caso de solicitalo en representación dun colectivo ou outro tipo de organización, a persoa deberá ser maior de idade e a entidade a que representa deberá ter a súa sede (ou unha delegación estable) no termo municipal da Coruña.

Os espazos da rede están dispoñibles para a súa reserva todos os días, incluíndo sábados, domingos e festivos, agas cinco días ao ano en que permanecerán pechados: os días 24, 25 e 31 de decembro e os días 1 e 6 de xaneiro.

Pode solicitarse **unha data** cunha antelación mínima de 15 días naturais antes do día desexado e un máximo de 60 días posteriores. O calendario amosará os días dispoñibles.

De xeito excepcional, cando o tipo de actividade o precise e sexa de especial interese, o Concello da Coruña pode autorizar o uso dos espazos da rede durante dous días consecutivos. Para a aprobación desta excepción, ou de calquera outra solicitada, será preciso a presentación dunha pequena memoria descriptiva da actividade a desenvolver que será convenientemente avaliada polo servizo de Participación Cidadá e Innovación.

De maneira xeral, unha mesma persoa poderá utilizar un mesmo TEU un **máximo de 12 días ao ano e un día ao mes**.

A solicitude se realizará sempre a través do sistema xenérico de **Cita Previa**, o mesmo que se utiliza para numerosos procedementos municipais (<https://citaprevia.coruna.gal/citaprevia/>). Únicamente será necesario dispoñer dun terminal telefónico móbil, unha Tablet o un ordenador e ter unha conta de correo electrónico.

Non se aceptarán solicitudes de reserva que se presenten por calquera outro medio.

Autorización de uso:

Unha vez realizada a solicitude de reserva, a persoa solicitante recibirá no seu correo electrónico o xustificante da solicitude no que aparecerá rexistrada a data e hora da solicitude, así como o código localizador.

As autorizacións de uso se outorgarán por **estrita orde de presentación** das solicitudes de reserva a través da Cita Previa.



O **xustificante non implica de maneira directa a conformidade** e a autorización de uso do TEU solicitado, posto que será necesario comprobar:

- Que a persoa solicitante sexa maior de idade.
- Que a persoa solicitante esté empadroada no municipio da Coruña.
- Que, no caso de tratarse dunha asociación, esté inscrita no REMAC.
- Que, no caso de tratarse doutro tipo de entidade, teña a súa sede social ou unha delegación no municipio da Coruña.
- Que a actividade a levar a cabo non sexa contraria á normative vixente de uso dos espazos TEU.
- Que a persoa solicitante non teña confirmada outra reserva no mesmo mes, ou que non teña superado o límite de 12 autorizacións durante o ano en curso.

Unha vez comprobado que ha solicitude non incumpre calquera dos puntos anteriores, se procederá a formalizar a correspondente autorización que se remitirá convenientemente asinada por correo electrónico á persoa solicitante, xunto coás condicións de uso e as instrucións para a recollida e devolución das chaves do TEU cedido.

Polo tanto, a confirmación da reserva non será efectiva ata a recepción do correo electrónico co documento de autorización asinado.

As autorizacións concédense para o uso dun local da rede durante **un día completo, en horario de 9:00 h a 22:00 h**.

A anulación dunha reserva ou a modificación da data solicitada deberá facerse a través do sistema de Cita Previa, utilizando o código localizador do xustificante da solicitude.

2. Condicións de uso dos TEUs

En todos os casos, a autorización para o uso puntual reservado e particular dos locais da rede de espazos TEU será gratuita.

O desfrute do espazo efectuarase baixo a absoluta responsabilidade da persoa solicitante, estando o Concello da Coruña eximido de calquera responsabilidade derivada do uso incorrecto das instalacións.

A persoa solicitante asinará unha declaración responsable, asumindo o cumprimento das condicións de uso que se expoñen a continuación.



1. A persoa solicitante é responsable de que o local se utilice únicamente para o uso concreto para o cal se autorizou, non sendo posible destinalo a calquer outro fin.
2. A persoa solicitante, e responsable do uso, deberá estar presente durante todo o tempo que dure a utilización do espazo.
3. Non se poderá sobrepasar en ningún momento a capacidade máxima do local (50 persoas no Faro de Oza; 35 persoas en Ribeira Sacra 15; 50 persoas en Ribeira Sacra 17; 20 persoas no TEU Azahar e 30 persoas no TEU Birloque) ou no seu caso o aforo limitado que se estableza por razón sanitarias ou doutra natureza, nin o horario máximo permitido que, en todo caso, nunca sobrepasará as 22:00 h.
4. Poden colocarse elementos de decoración e ornamentais sempre que non leven ningún tipo de ancoraxe ás paredes, ao chan ou ao teito das estancias.
5. Non se poderá facer ruído que moleste ás persoas e a veciñanza dos edificios e instalacións da contorna.
6. Non se permitirá ningunha actividade con ánimo de lucro, nin a venda de produtos ou o cobro de entrada ás persoas asistentes a calquera actividade, nin calquera actividade económica nos locais.
7. Non está permitido o consumo de bebidas alcohólicas nin o consumo de drogas en ningún caso, en ningún dos locais da rede.
8. Aínda que o Concello da Coruña manterá un servizo de limpeza semanal, é responsabilidade da persoa solicitante deixar o local limpo e nas mesmas condicións en que o atopou. Todos os locais dispoñen de vasoira e fregona, aínda que non estarán dispoñibles produtos de limpeza.
9. A persoa solicitante, como responsable do uso do local, debe encargarse de recoller o lixo produto da actividade realizada e levalo aos correspondentes colectores.
10. O Concello da Coruña non se responsabiliza das actividades que se realicen dentro dos locais cando os compromisos asumidos pola persoa ou entidade solicitante ou organizadora da actividade sexan incumpridos, correspondendo exclusivamente a ésta as consecuencias dos seus actos.
11. O Concello non se fai responsable da desaparición de calquera obxecto (bolsos, teléfonos, prendas de vestir, etc.) que se produza durante a celebración dunha actividade.
12. No caso de atopar algunha incidencia, enviarase un correo electrónico a espazosteus@coruna.gal acompañado de fotografías, a data do evento e os datos



da persoa solicitante. De atopar algunha incidencia grave, contactarase directamente coa Policía Local no 092.

Para acceder ao TEU autorizado será preciso acudir previamente a recoller as chaves de acceso. As **normas de recollida e entrega das chaves** son as seguintes:

- Cada un dos espazos TEU ten asignado un punto físico de entrega e devolución das chaves.
- Únicamente poderá recoller a chave de acceso a persoa solicitante, indentificándose co DNI.
- No momento da recollida das chaves a persoa solicitante deberá asinar o rexistro da recollida e unha declaración responsable co compromiso expreso de cumprimento das condicións de uso.
- Se a reserva é para un día laboral, entre o luns e o venres, a chave se recollerán o mesmo día de uso do local, ou o día anterior no horario específico do punto de entrega correspondente.
- Se a reserva é para un sábado ou para un domingo, o día de recollida será o venres inmediatamente anterior.
- Se a reserva é para un día festivo, o día de recollida será o anterior día hábil.
- En datas ou festividades específicas, os horarios poderán cambiar.

Os puntos de recollida das chaves de cada un dos espazos TEUs son os seguintes:

- **TEU Faro de Oza:** As chaves recóllense nas dependencias da Policía Municipal en María Pita, de 9:00 a 21:00 h
- **TEUs Ribeira Sacra 15 e 17:** As chaves recóllense no Centro Cívico de Novo Mesoiro, na rúa Ancares nº 15, no seguinte horario:
 - De luns a vernes de 9:00 a 14:30 h e de 17:00 a 21:00 h,
 - Sábados de 10:30 a 13:00 h e de 16:30 a 21:00 h,
 - Os domingos e festivos o centro permanecerá pechado, polo que as chaves se recollerán o anterior día hábil.
- **TEU Azahar:** As chaves recóllense no Centro Cívico de Monelos, na Avda. de Monelos nº 2, no seguinte horario:
 - De luns a vernes de 9:00 a 14:00 h e de 16:30 a 20:30 h,
 - Sábados de 10:30 a 13:30 h e de 16:30 a 20:30 h,



- Os domingos e festivos o centro permanecerá pechado, polo que as claves se recollerán o anterior día hábil.
- **TEU Birloque:** As claves recóllense no propio Espazo Veciñal do Birloque, na Avda. de Glasgow 5, no seguinte horario:
 - De luns a vernes de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h,
 - Sábados, domingos e festivos de 17:00 a 21:00 h.

En canto á devolución das claves, se levarán ao punto de recollida que corresponda, no horario indicado, o seguinte día hábil posterior ao uso do espazo TEU. Non é preciso que a persoa solicitante faga a devolución en persoa.

3. Denegación da solicitude de uso

O Concello ten a facultade de denegar a autorización de uso do espazo solicitado polos seguintes motivos:

- Non cumprir os requisitos de empadronamento na Coruña, idade ou tratarse dunha entidade que non teña a súa sede ou delegación no concello ou non figure inscrita no REMAC.
- Solicitar os locais para realizar unha actividade con fin de lucro ou que, pola súa natureza, non se considere apta para levarse a cabo nos espazos TEU.
- No caso de solicitantes, persoas, entidades ou colectivos que teñan antecedentes de incidentes no uso dos espazos TEU.
- Superar o límite máximo de 12 días de uso ao ano ou ter unha data reservada no mesmo mes da solicitude.

No caso de denegación de autorización de uso, levarase a cabo unha comunicación previa a través do correo electrónico, e posteriormente se enviará a notificación da correspondiente resolución de denegación motivada a través da caixa de correos electrónica ou, no seu defecto, a través do correo electrónico.

Ademáis, o Concello da Coruña poderá revocar unha autorización de uso xa confirmada, ben porque precise o espazo solicitado para desenvolver unha actividade municipal, por razóns de seguridade ou sanitarios, ou por outros motivos xustificados o motivados que así o aconsellen.